

## MQIST: A túa porta de entrada á Revolución Cuántica!

Descobre o fascinante mundo da Ciencia e das Tecnoloxías da Información Cuántica co noso Máster Interuniversitario. Forxado por unha alianza estratéxica entre as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, MQIST permite que te especialices na Segunda Revolución Cuántica. A ciencia e a tecnoloxía da información cuántica será unha das pilastras das comunicacións e da computación do futuro.

### Por que estudar esta titulación?

MQIST: O teu Pasaporte á Revolución Cuántica!

#### Formación de vangarda:

MQIST prepárate para ser líder no emocionante mundo da computación cuántica. A Unión Europea respalda esta iniciativa, e gigantes tecnolóxicos como Google, Amazon e Microsoft invirten fortemente nesta tecnoloxía.


#### Carreira profesional garantida:

Deseñado para graduados en ciencias, enxeñaría ou informática, MQIST ofrece coñecementos avanzados que abren as portas a unha exitosa carreira na área da información cuántica.

Únete á revolución con MQIST e fai do teu futuro algo extraordinario!



# MÁSTER UNIVERSITARIO EN CIENCIA E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN CUÁNTICA (MQIST)



## Máster interuniversitario en Cuántica

- ✓ 1 ano de duración.
- ✓ 60 créditos ECTS – 15 ECTS Tráballo de fin de Máster, 27 ECTS, materias optativas e 3 ECTS para facer prácticas en empresas.
- ✓ Título conxunto: Universidade de Santiago de Compostela (coordinadora), Universidade de Vigo e Universidade da Coruña.
- ✓ Modalidade presencial.
- ✓ 24 prazas ofertadas (8 en cada unha das universidades participantes).
- ✓ Castelán, galego, inglés.

### Por que estudar na EET en Vigo?

**+30**

Máis de 30 anos formando profesionais en Enxeñaría de Telecomunicación.



Prácticas en empresas do sector.



Título eminentemente práctico.

## Descubre se este máster é para ti

### Perfil Recomendado:

Titulados e universitarios en ciencias, preferiblemente en Física, Química, Matemáticas, Nanociencia y Nanotecnoloxía ou outras disciplinas afíns. Tamén se valora a formación en enxeñaría, especialmente en Enxeñaría Informática, Enxeñaría de Telecomunicación, Enxeñaría Industrial, Enxeñaría Aeroespacial, Enxeñaría Física e áreas relacionadas.

### Coñecementos necesarios:

Requírense sólidos coñecementos en Matemáticas incluído álgebra lineal, análise e probabilidade. Recoméndase ter habilidades básicas de programación.

## Saídas profesionais e académicas

- ✓ Científicos/as e enxeñeiros/as da computación cuántica
- ✓ Especialistas en comunicacións, redes e Internet cuántica
- ✓ Especialista en metroloxía, sensado e calibración con instrumentos cuánticos.
- ✓ Especialista en algoritmos cuánticos para finanzas, bioloxía, intelixencia artificial e optimización a gran escala
- ✓ Deseño e xestión de sistemas de información clásico-cuánticos.
- ✓ Deseño e enxeñaría de ordenadores cuánticos.
- ✓ Científicas/os e enxeñeiras/os en información cuántica.

## Liderando a revolución Cuántica en Europa

A Unión Europea está enfocada en avanzar en ciencia e tecnoloxía cuántica para consolidar como líder e estimular a creación de empresas altamente competitivas en comunicacións, computación e medición. Xigantes europeos como Airbus Defence and Space, Alcatel Lucent, ASML, Bosch, IBM, Nokia, IMEC, Safran, Siemens y Thales, xunto con empresas innovadoras como y2v, Gooch & Housego, ID Quantique, M Squared Lasers, Lux Quanta, Muquans, Single Quantum w Toptica, demostran un crecente interese na información cuántica.

## MQIST: Forxando o Futuro Cuántico

Neste panorama, o Máster Interuniversitario en Ciencia e Tecnoloxías da Información Cuántica (MQIST) xorde como unha alianza estratéxica entre as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo. Este programa pioneiro ofrece estudos de postgrao especializados nas fronteiras da tecnoloxía, cun enfoque científico riguroso que abarca dende os principios científicos (física, matemáticas e computación) ata a aplicación en contornas industriais. Predecindo un crecemento anual do mercado QIST del 50%, MQIST prepárate para liderar o futuro da información cuántica. Únete á revolución!

**Únete a MQIST e prepárate para liderar na revolución da cuántica!**